



Asunto: Resolución de inscripción da xunta directiva.

Con data 11 de outubro de 2023 recibíuse a solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por Jesús Pérez Carrera en nome e representación da ASOCIACIÓN A.N.P.A. IGREXA-VALLADARES, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra, co núm. **1972/000170-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 19 de xuño de 2023, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

PRESIDENTE/A	JESÚS PÉREZ CARRERA
VICEPRESIDENTE/A	SANDRA MARÍA PÉREZ ÁLVAREZ
SECRETARIO/A	BRENDA DA CUÑA PÉREZ
TESOUREIRO/A	MÓNICA VÁZQUEZ OSORIO
VOGAL	ROSA MARÍA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ
VOGAL	VERÓNICA DÍAZ PÉREZ
VOGAL	PATRICIA SIMÓN RODRÍGUEZ
VOGAL	NOEMÍ ALONSO GÓMEZ

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a





organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes .

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN A.N.P.A. IGREXA-VALLADARES de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

O xefe territorial

Ramón Pereiro Santín

